

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 27/02/2025(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. CARLOS COIRA LOJO

DONA SONIA OUTON CASAL

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

D. ALVARO CAROU GARCÍA

D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO

DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN

D. JUAN ANDRES BAYON ROLO

DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO

D. JESUS REY RODRIGUEZ

D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN

D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

D. JULIO VARELA CARDALDA

D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ

DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 27/02/2025, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da da acta da sesión anterior de data 30 de xaneiro de 2025.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de xaneiro de 2025.

3. Aprobación, se procede, da Estratexia Urbana de Vilagarcía de Arousa 2030.

4. Aprobación, se procede do Plan Integrado (PAI) para determinadas actuacións municipais "Construíndo Vilagarcía: Innovación, Inclusividade e Sustentabilidade"

5. Aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 01/REC/2025/PLENO, por importe de 526.904,77 €

6. Aprobación, se procede, de compatibilidade para desempeño de posto traballo privado en ONG por parte dunha funcionaria deste Concello.

7. Aprobación, se procede, do Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 8 de marzo, Día internacional da Muller

8. Aprobación, se procede, da Memoria de Actividades Deportivas realizadas durante o ano 2024

9. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento da Escola Infantil Municipal, para o seu visado posterior polo Servizo de Inspección de Familia e Menores

10. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa á negociación para o uso público das prazas de aparcamento do Instituto Social da Mariña.

12. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa á ampliación das beirarrúas da PO-301 e á seguridade vial da mesma.

13. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP, para instar ao goberno local á rehabilitación da Pista Multideporte de A Tomada

14. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP, para instar ao goberno local á ampliación do camiño do Pavillón e Rúa Adolfo Pedrido Morla

15. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

16. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

17. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

18. Rogos e preguntas formuladas oralmente polos membros da Corporación Municipal.

19. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais D. Juan Luis Núñez Tourís e D. Alberto Fandiño Mariño utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>.

- A seguir gárdase un minuto de silencio en sinal de respecto institucional polo pasamento do Excalcalde D. José Recuna Villaverde.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE DATA 30 DE XANEIRO DE 2025.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21) a acta da sesión anterior de data 30 de xaneiro de 2025.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250227&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE XANEIRO DE 2025: Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA:

- 1 Inscripción asociación en Rexistro Municipal
- 1 Modificación delegación competencias Concelleiros Delegados
- 1 Composición Xunta de Goberno Local
- 1 Aboamento taxas Augas de Galicia
- 2 Adscrición novo vehículo licenza taxi
- 1 Declaración efecto non utilizable guindastre municipal
- 1 Expediente de transferencia de crédito
- 1 Expediente de incorporación de remanentes
- 1 Autorización festas San Antonio Cea
- 3 Recurso de reposición expediente sancionador de tráfico
- 5 Arquivo expediente sancionador de tráfico
- 2 Resolución sancionadora expediente tráfico
- 13 Primeiras alegacións expediente sancionador de tráfico
- 1 Apertura expediente sancionador falta grave funcionario municipal
- 1 Concesión excedencia voluntaria a funcionaria municipal
- 2 Incoación expediente modificación RPT execución de sentenza
- 2 Aboamento servizos prestados en horario nocturno
- 1 Aportación Plan de Pensións
- 7 Nomeamento de funcionario/a interino/a
- 1 Delegación funcións da Alcaldía
- 1 Modificación de nomeamento por vacante
- 2 Pago vacacións non desfrutadas por incapacidade temporal
- 5 Substitución posto de categoría superior
- 1 Adxudicación redacción de proxecto de execución
- 1 Aprobación pregos
- 1 avocación competencias
- 6 Estimatoria IAE
- 6 Estimatoria recibos
- 8 Estimatoria liquidacións e baixas
- 2 Desestimatoria IVTM
- 1 Estimatoria compensación de débedas
- 4 Estimatoria bonificación no IBI
- 32 Estimatoria beneficios fiscais no IVTM
- 3 Estimatoria/desestimatoria IBI
- 3 Estimatoria cambio de xestión de ben inmovible
- 3 Estimatoria IIVTNU
- 19 Estimatoria taxas e prezos públicos
- 2 Comisións bancarias

34 Ordenación de pago
2 Préstamo bancario
12 Deber de conservación
1 Declaración de ruína
9 Reposición da legalidade urbanística
2 Sancionador de rúidos
21 Comunicación previa obras menores
2 Declaración ineficacia comunicación previa obras menores
7 Licenza de obras menores
7 Licenza de obras maiores
1 Transmisión de licenza de obra maior
1 Cambio de titularidade licenza apertura de establecemento
1 Declaración de innecesariade de segregación de parcela
TOTAL: 248

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250227&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ESTRATEXIA URBANA DE VILAGARCÍA DE AROUSA

2030.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 24 de febreiro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN PARA A APROBACION DA ESTRATEXIA URBANA VILAGARCÍA 2030

A planificación estratéxica urbana é un proceso integral que ten como obxectivo deseñar e xestionar o desenvolvemento de áreas urbanas de maneira eficiente e sostible. Consiste en identificar as necesidades actuais e futuras dunha cidade, establecer metas e obxectivos a longo prazo, e deseñar estratexias para alcanzalos de maneira efectiva.

Os profesores Borja e Castells definen estes procesos de planificación estratéxica urbana da seguinte forma: “un plan estratéxico é a definición dun proxecto de cidade que unifica diagnósticos, concreta actuacións públicas e privadas e establece un marco coherente de mobilización e de cooperación dos actores sociais urbanos. O proceso participativo é prioritario respecto a a definición de contidos, debido a que neste proceso dependerá a viabilidade dos obxectivos e actuacións que se propoñan. O resultado do plan estratéxico non é unha norma ou un programa de goberno (aínda que a súa asunción polo estado e polo goberno local deberá traducirse en normas, investimentos, medidas administrativas, iniciativas políticas, etc), senón un contrato político entre as institucións públicas e a sociedade civil. Por iso o proceso posterior á poboación do plan e o seguimento e implantación das medidas ou actuacións é tanto ou máis importante do proceso de elaboración e aprobación consensuales”.

Vilagarcía de Arousa sitúase como cidade referente na comarca do Salnés, onde aglutina os servizos administrativos (Axencia Tributaria, Seguridade Social, Servizo Público de Emprego Estatal e Autonómico, delegacións da Administración Autonómica), industriais (2 polígonos industriais e zona portuaria con categoría de Porto de Interese Xeral do Estado), zonas comerciais (tanto en comercio tradicional, coma en centro comercial), patrimonio histórico artístico (conxunto de Vista Alegre, xacemento de Castro Alobre e petróglifos de Vos Ballotes), numerosos pazos que falan da nosa historia e constitúen un atractivo turístico (Pazo da Gorpelleira, Pazo de Rubiáns, Pazo de Sobrán, Pazo de Vista Alegre, Pazo de Ou Rial...) que fai que os vilagarcíans nos sintamos orgullos do noso pasado e esperanzados nun futuro do que debemos ser partícipes.

O 25 de setembro de 2015, no seo das Nacións Unidas, representantes de 193 países alcanzaron un histórico acordo internacional co propósito de erradicar a pobreza, protexer o planeta e

asegurar a prosperidade para todas as persoas.

Este acordo plasmasse na Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, un plan de acción composto por 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e 169 metas específicas, todas destinadas a ser cumpridas para o ano 2030.

A Axenda 2030 representa unha continuación dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (2000-2015) da ONU, os cales marcaron o primeiro esforzo global para abordar as problemáticas globais como a erradicación da pobreza extrema e a fame ou a mellora no acceso á educación. Aínda que non se chegaron a cumprir plenamente estas metas, si xeraron avances significativos que sentaron as bases para a Axenda 2030 e as súas ODS correspondentes.

Pola súa banda, a Axenda Urbana Española (AUE) ten como obxectivo central alcanzar a sustentabilidade nas distintas políticas de desenvolvemento urbano e responde o cumprimento dos compromisos internacionais adoptados de conformidade coa Axenda 2030 e a Nova Axenda Urbana de Nacións Unidas e a Axenda Urbana para a Unión Europea.

A axenda 2030 e a Axenda Urbana Española, comparten un obxectivo fundamental: promover o desenvolvemento sostible, o que mostra unha interrelación marcada entre ambas. Non só buscan complementarse entre os diversos niveis de goberno, senón que tamén resaltan a participación cidadá como un elemento esencial na consecución das súas metas comúns. A clave radica na complementariedade inherente entre ambas as axendas, e esta sinerxia tradúcese nunha estratexia potente, especialmente cando se contextualiza en Vilagarcía de Arousa.

Coa intención de planificar Vilagarcía cara ao futuro, elaborouse un documento denominado «Estratexia Urbana Vilagarcía 2030», que xorde directamente desta intersección, aliñándose tanto coa Axenda Urbana Española como cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030 e que aspira a ser a folla de roteiro para as políticas locais que promovan un crecemento sostible, tanto económico como social respectuoso cos valores ambientais e resiliente fronte ao cambio climático.

Ao integrar estas dúas iniciativas globais, a estratexia enfócase en adaptar os principios do desenvolvemento sostible ao contexto local de Vilagarcía de Arousa e con iso mellorar a nosa cidade e a vida dos seus habitantes, tentando ser tamén un polo de atracción para visitantes e investidores.

A complementariedade de ambas as axendas non só fortalece as súas respectivas metas, senón que tamén cataliza a súa implementación efectiva a nivel local, levando consigo os beneficios e a visión global á realidade concreta de Vilagarcía de Arousa a través da estratexia.

Coa intención de planificar Vilagarcía cara ao futuro, elaborouse un documento denominado «Estratexia Urbana Vilagarcía 2030», que xorde directamente desta intersección, aliñándose tanto coa Axenda Urbana Española como cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030 e que aspira a ser a folla de roteiro para as políticas locais que promovan un crecemento sostible, tanto económico como social respectuoso cos valores ambientais e resiliente fronte ao cambio climático.

Ao integrar estas dúas iniciativas globais, a estratexia enfócase en adaptar os principios do desenvolvemento sostible ao contexto local de Vilagarcía de Arousa e con iso mellorar a nosa cidade e a vida dos seus habitantes, tentando ser tamén un polo de atracción para visitantes e investidores.

A complementariedade de ambas as axendas non só fortalece as súas respectivas metas, senón que tamén cataliza a súa implementación efectiva a nivel local, levando consigo os beneficios e a visión global á realidade concreta de Vilagarcía de Arousa a través da estratexia.

Os obxectivos específicos desta estratexia inclúen:

- Captar recursos financeiros públicos e privados cara aos plans e políticas para o desenvolvemento sostible do territorio, impulsando o avance dos ODS.
- Fortalecer as alianzas con organizacións locais, empresas e outros actores crave para impulsar a Estratexia 2030.
- Mobilizar ao sector empresarial e a outros actores cara á colaboración, co-creación e innovación para o desenvolvemento sostible e inclusivo.
- Sensibilizar e empoderar á cidadanía para adoptar hábitos máis sostibles e esixir aos gobernos un compromiso firme cos ODS.

Para a elaboración da Estratexia Urbana Vilagarcía 2030 tomouse como base a metodoloxía establecida pola Axenda Urbana Española dado que permite seguir un enfoque estruturado,

adaptado á realidade municipal e un enfoque participativo e integrador para lograr un desenvolvemento sostible no territorio en liña cos ODS.

O Plan de Acción da Estratexia Urbana Vilagarcía 2030, articúlase ao redor de 10 eixos, componse de 14 actuacións estratéxicas (AE), desagregadas en diferentes liñas de actuación; que permitirán alcanzar os obxectivos establecidos na Axenda Urbana Española e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).

Eixo 1. TERRITORIO, PAISAXE E BIODIVERSIDADE.

AE 1: RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL

Obxectivo Estratéxico	OE1. Ordenar o territorio e facer un uso racional do solo, conservalo e protexelo
Obxectivo Específico	OE1.2 Conservar e mellorar o patrimonio natural e cultural e protexer a paisaxe. OE1.3. Mellorar as infraestruturas verdes e azuis e vincularlas co contexto natural

Líñas de actuación

- Deseño e desenvolvemento dun plan de actuación integral para a posta en valor do patrimonio natural e cultural de Vilagarcía.

Eixo 2. MODELO DE CIDADE.

AE 2: INTEGRACIÓN URBANA E MOBILIDADE SOSTIBLE NO ENTORNO DA NACIONAL 640

Obxectivo Estratéxico	OE2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente.
Obxectivo Específico	OE 2.1. Definir un modelo urbano que fomente a compacidade, o equilibrio urbano e a dotación de servizos básicos. OE2.2. Garantir a complexidade funcional e diversidade de usos. OE2.3. Garantir a calidade e a accesibilidade dos espazos públicos.

Líñas de actuación

- Humanización de espazos urbanos contiguos á Nacional 640 como é o caso Rúa Ramón Cabanillas
- Implantación de medidas de calmado de tráfico para a mellora da seguridade vial.
- Xestión da flota de transporte.

AE 3: ABRIR VILAGARCÍA AO MAR

Obxectivo Estratéxico	OE2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente.
Obxectivo Específico	OE2.2. Garantir a complexidade funcional e diversidade de usos. OE2.3. Garantir a calidade e a accesibilidade dos espazos públicos

Líñas de actuación

- Rexeneración da zona portuaria para eliminar o efecto barreira da cidade co mar.
- Continuación das actuacións derivadas do PSTD na zona portuaria de Ou Ramal para a súa integración coa cidade para o uso e goce da cidadanía e dos visitantes.

Eixo 3. CAMBIO CLIMÁTICO E RESILIENCIA

AE 4: IMPLEMENTACIÓN DE MEDIDAS PARA A PREVENCIÓN E REDUCIÓN DOS IMPACTOS DO CAMBIO CLIMÁTICO

Obxectivo Estratéxico	OE.3. Previr e reducir os impactos do cambio climático e mellorar a resiliencia.
Obxectivo	OE.3.1. Adaptar o modelo territorial e urbano a os efectos do cambio

climático e avanzar na súa prevención.
Específico OE.3.3. Mellorar a resiliencia fronte ao cambio climático.

Líñas de actuación

- Actuacións para a mellora e conservación das Zonas Verdes no entorno urbano de Vilagarcía.
- Actuacións para o control e prevención das inundacións para a redución dos efectos do cambio climático

EIXO 4. XESTIÓN SOSTIBLE DOS RECURSOS E ECONOMÍA CIRCULAR

AE 5: MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DE INFRAESTRUTURAS PÚBLICAS

Obxectivo OE.4. Facer unha xestión sostible dos recursos e favorecer a economía
Estratéxico circular

Obxectivo Específico OE.4.1. Ser máis eficientes enerxéticamente e aforrar enerxía.

Líñas de actuación

- Realización de actuacións de mellora da eficiencia enerxética das instalacións deportivas de Vilagarcía.
- Realización de actuacións de mellora da eficiencia enerxética de instalacións municipais.

EIXO 5. MOBILIDADE E TRANSPORTE

AE 6: AMPLIACIÓN DA REDE CICLISTA E PEONIL PARA UNHA MOBILIDADE SOSTIBLE

Obxectivo OE5. Favorecer a proximidade e a mobilidade
Estratéxico sostible

Obxectivo Específico OE5.2. Potenciar modos de transporte sostibles

Líñas de actuación

- Ampliación da rede de ciclovías para potenciar a mobilidade ciclista no municipio.
- Ampliación do servizo Vai Bike! coa implantación de novas estacións.
- Integración da bicicleta eléctrica no servizo Vai Bike!.
- Integración das redes ciclistas e peonís coas principais zonas verdes e o litoral costeiro.

AE7: AMPLIACIÓN DA REDE DE CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS

Obxectivo OE5. Favorecer a proximidade e a mobilidade
Estratéxico sostible.

Obxectivo Específico OE5.1. Favorecer a cidade de proximidade

Líñas de actuación

- Ampliación da rede de camiños escolares seguros.

EIXO 6. COHESIÓN SOCIAL E IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

AE 8: AMPLIACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS

Obxectivo OE6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade
Estratéxico

Obxectivo OE.6.1. Reducir o risco de pobreza e exclusión social en entornos urbanos
Específico desfavorecidos.

OE6.2. Buscar a igualdade de oportunidades desde unha perspectiva de
xénero, idade e capacidade

- Rehabilitación da nova instalación de Servizos Sociais do Concello
- Humanización das áreas degradadas e desfavorecidas do entorno do Centro Social, para a rehabilitación de espazos públicos e a mellora de infraestruturas urbanas (Rúa Pablo

Iglesias e Os Duráns”

EIXO 7. ECONOMÍA URBANA

AE 9: IMPULSO DO TURISMO DEPORTIVO EN VILAGARCÍA DE AROUSA

Obxectivo
Estratéxico OE.7. Impulsar e favorecer a economía urbana

Obxectivo
Específico OE.7.1 Buscar a produtividade local, a xeración de emprego e a dinamización e diversificación da actividade económica

Líñas de actuación

- Plan de fomento de deporte: “Vilagarcía Marina e Deportiva”
- Impulso de eventos deportivos e actividades de dinamización

AE 10: VILAGARCÍA DESTINO TURÍSTICO

Obxectivo
Estratéxico OE.7. Impulsar e favorecer a economía urbana

Obxectivo
Específico OE.7.2 Fomento o uso do turismo sostible e de calidade e os sectores clave da economía local

Líñas de actuación

- Estratexia de comunicación e difusión de actividades turísticas en Redes Sociais
- Elaboración e proposta dun Convenio Autonómico entre a Xunta de Galicia e Vilagarcía de Arousa por mor da súa condición de Municipio Turístico
- Creación e posta en marcha da marca turística local

EIXO 8. VIVIENDA

AE 11: PLAN INTEGRAL PARA MELLORAR O ACCESO Á VIVENDA

Obxectivo
Estratéxico OE.8. Garantir o acceso á vivenda

Obxectivo
Específico OE.8.1.Fomentar a existencia dun parque de vivenda adecuado a precio asequible .

OE.8.2. Garantir o acceso á vivenda, especialmente dos colectivos máis vulnerables

Líñas de actuación

- Plan de impulso do alugueiro de vivenda de propiedade municipal baseada na creación de redes de contacto entre posibles inquilinos e propietarios, prestando á súa vez, un asesoramento profesional a ambas as partes.
- Impulso ao rexistro de solares en risco de abandono para garantir a conservación e o uso de inmobles xa construídos.
- Desenvolvemento dunha Estratexia ou Plan Municipal para incentivar novos usos nas vivendas baleiras e/o chan dispoñible e axudas sociais que fomenten o acceso a unha vivenda.

EIXO 9. ERA DIXITAL

AE 12: VILAGARCÍA SMARTCITY

Obxectivo
Estratéxico OE9. Liderar e fomentar obxectivo estratéxico a innovación dixital

Obxectivo
Específico OE9.1. Favorecer a sociedade do coñecemento e avanzar cara o desenvolvemento das cidades intelixentes (Smart cities).

Líñas de actuación

- Implantar unha plataforma intelixente para a transformación dixital de Vilagarcía de Arousa, incluíndo as súas verticais que permitan ofrecer servizos Smart asociados á xestión da mobilidade e dos recursos da cidade (enerxía, auga, residuos e medio ambiente urbano).
- Consegui o selo DTI para Vilagarcía.
- Incorporar solucións de Intelixencia Artificial e Big Data que permitan avanzar no modelo urbano intelixente.

AE 13: VILAGARCÍA ABERTA

Obxectivo Estratéxico OE9. Liderar e fomentar obxectivo estratéxico a innovación digital

Obxectivo Específico OE9.2. Fomentar a administración electrónica e reducir la brecha dixital.

Líñas de actuación

- Fomentar o goberno aberto e transparente grazas á mellora dos portais web do concello e á incorporación de ferramentas de participación cidadá
- Aumentar os servizos de administración electrónica facilitando os procedementos administrativos a cidadáns e empresas.
- Adoptar medidas de innovación tecnolóxica con aplicacións que acheguen ao cidadán aos servizos públicos.
- Elaborar estratexias de alfabetización dixital de colectivos vulnerables (@desempear de longa duración, persoas maiores etc.)/ etc.) co fin de reducir a fenda dixital.

EIXO 10. INSTRUMENTOS E GOBERNANZA

AE 14: PLAN DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Obxectivo Estratéxico OE10. Mellorar os instrumentos de intervención e a gobernanza

Obxectivo Específico OE10.2. Asegurar a participación cidadá, a transparencia e favorecer a gobernanza multinivel.
OE10.3. Impulsar a capacitación local e mellorar a financiación.

Líñas de actuación

- Fomentar a accesibilidade á información e a participación da cidadanía no deseño, seguimento e avaliación das políticas públicas, a través da elaboración e implementación dun Plan de Participación Cidadá.
- Integración das voces dos colectivos novos da cidade (Ciudad dos nenos e as nenas para pintar o seu proxecto cidade: involucrar aos colectivos máis novos da cidade, permitíndolles expresar as súas ideas e visións sobre como debería ser a súa contorna urbana e a Vilagarcía do futuro.)

Na Estratexia, deséñase un modelo de gobernanza co obxectivo velar pola correcta execución do Plan e actualizalo, controlar a evolución no logro das metas, os obxectivos e avaliación de resultados, medir o grao de eficacia e eficiencia do proceso durante a implementación, controlar e facer un seguimento dos proxectos, garantir a correcta planificación e xestión das actuacións dos proxectos, controlar o gasto municipal e o financiamento investido na execución dos proxectos, así como asegurar a coordinación, comunicación e cooperación entre os axentes implicados.

Este documento debe ser a base dos futuros proxectos da nosa cidade, unha vez analizadas as fortalezas e debilidades da nosa contorna; e por iso sométese á consideración do Pleno da Corporación, máximo órgano representativo da nosa cidade, integrado por todos os concelleiros electos e reflexo da vontade popular expresada nas últimas eleccións municipais.

Visto o que antecede propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aprobado a Estratexia Urbana Vilagarcía 2030

2.- Publicar o documento da Estratexia Urbana Vilagarcía 2030 na sede electrónica do concello de Vilagarcía de Arousa
O Alcalde
Alberto Varela Paz
(asinado electrónicamente)

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Estratexia Urbana Vilagarcía 2030.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9) e BNG (2), e dez abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (9) e EU (1),

ACÓRDASE: Por maioría:

1.- Aprobar a Estratexia Urbana Vilagarcía 2030

2.- Publicar o documento da Estratexia Urbana Vilagarcía 2030 na sede electrónica do concello de Vilagarcía de Arousa.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250227&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN DE ACTUACIÓN INTEGRADO (PAI) PARA DETERMINADAS ACTUACIÓNS MUNICIPAIS (CONSTRUÍNDOLAS: INNOVACIÓN, INCLUSIVIDADE E SUSTENTABILIDADE). Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 24 de febreiro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta do Plan de acción integrado (PAI) do Concellos de Vilagarcía de Arousa, que ten o seguinte índice:

1. Objetivos de la Estrategia Territorial y Análisis de los Retos a abordar
 - 1.1. Objetivos de la EDIL
 - 1.2. Retos del PAI
 - 1.3. Identificación de los principales desafíos
2. Características del beneficiario
3. Programa de Implementación
 - 3.1. Actuaciones
 - 3.1.1. Centro Integral de Servicios Sociales de Vilagarcía: Modernización y Accesibilidad para una Atención Eficiente
 - 3.1.2. Vilagarcía activa: Impulso del Turismo Deportivo
 - 3.1.3. Veiga do Mar: Transformación Integral del Espacio Público
 - 3.1.4. Carril: Rehabilitación y Humanización del Espacio Urbano
 - 3.1.5. Movilidad Sostenible: Impulso a la Conectividad Eficiente y Ecológica.
 - 3.2. Integración intersectorial de los proyectos
 - 3.3. Existe complementariedad con otras actuaciones y otros fondos
4. Presupuesto, Calendario de Ejecución y Financiero
5. Descripción de los resultados esperados
6. Descripción de la capacidad administrativa

7. Proceso participativo
8. Plan de comunicación del PAI
9. Aprobación del PAI

O obxectivo do documento é a elaboración da proposta do Plan de Actuación Integrado (PAI) do Concello de Vilagarcía de Arousa para a solicitude da senda financeira FEDER da convocatoria de Desenvolvemento Urbano Sostible con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no novo período de programación 2021-2027 para o desenvolvemento de políticas públicas de desenvolvemento urbano.

A EDUSI supuxo unha transformación na forma de pensar e planificar a estratexia de Vilagarcía de Arousa, dotándose tanto dunha estrutura interna para afrontar os retos da cidade, como documentos estratéxicos para sustentalos, como o PMUS, un PSTD, e a EDIL. Ademais, desde o punto de vista da participación, puxéronse en marcha mecanismos que perduraron no tempo e serven de espazo de debate e cocreación.

Por iso, as actuacións que se expoñen neste PAI, responden as necesidades da cidade, e non son froito dunha convocatoria de fondos europeos, senón que son actuacións que xa estaban planificadas, algunhas a piques de poñerse en marcha, e todas cun proxecto ou anteprojecto que permiten definilas con moita precisión, asegurando ademais que ao ser en terreos municipais, e tramitarse xa os correspondentes permisos, non exista risco de incumprimento de prazos.

Todas as actuacións están vinculadas dunha maneira ou outra, e permiten articular un proxecto integrado, que une os temas sociais, culturais, de loita contra o despoboamento e o cambio climático, e apoiado no uso de tecnoloxías que achegan á cidadanía á administración e melloran o uso dos servizos municipais.

O PAI debe ser aprobado polo Pleno da Corporación Municipal, polo que se propón a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aprobación do Plan de Actuación Integrado CONTRUINDO VILAGARCÍA: INNOVACIÓN, INCLUSIVIDADE E SOSTIBILIDADE polas seguintes actuacións:

Inversión	Presuposto estimado	Financiación EDIL (60%)	Aportación municipal 40%	Data prevista execución
Centro Integral de Servizos Sociais de Vilagarcía	899.937,50€	539.962,20€	359.974,80€	2027
Vilagarcía Activa: Impulso do Turismo Deportivo: Área de Deportes	3.184.114,33€	1.910.468,60€	1.273.645,73€	2026
Veiga do Mar: Transformación Integral do Espazo Público: Área de Urbanismo, Movilidade e Educación	900.000,00€	540.000,00€	360.000,00€	2029
Carril: Rehabilitación e Humanización do Espazo Urbano	800.000,00€	480.000,00€	320.000,00€	2027-2028
Movilidade Sostible: Impulso á conectividade eficiente e ecolóxica. Área de Urbanismo, mobilidade e Educación	688.801,00€	413.280,60€	275.520,40€	2027-2028
TOTAL	6.472.852,83	3.883.711,40€	2.589.140,93€	

2.- Solicitar unha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) por importe de 3.883.711,40€ euros, no marco da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, FEDER 2021-2027.

3.- Declarar que o Concello de Vilagarcía de Arousa, comprométese a habilitar o crédito adecuado e suficiente para financiar a execución dos proxectos en caso de resultar seleccionado o mesmo, de acordo con as normas reguladoras da convocatoria.

4.-Facultar ao Sr. Alcalde para formular a petición de subvención e para realizar a totalidade dos actos e trámites necesarios ata a resolución de concesión da mesma.

O Alcalde

Alberto Varela Paz

(firmado electrónicamente)

Polo Sr. Fajardo Recouso solicítase copia dun informe de loita contra a pobreza en Vilagarcía de Arousa, pois abonouse unha factura por importe de 17.545 €.

Pola Sra. María Mochales indicase que son distintas as esixencias para os fondos EDUSI e os PAI.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Plan de Actuación Integrado (PAI) para determinadas actuacións municipais (Construíndo Vilagarcía: Innovación, Inclusividade e Sustentabilidade).

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9) e BNG (2), e dez abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (9) e EU (1),

ACÓRDASE: Por maioría:

1.- Aprobar o Plan de Actuación Integrado **CONTRUINDO VILAGARCÍA: INNOVACIÓN, INCLUSIVIDADE E SOSTIBILIDADE** polas seguintes actuacións:

Inversión	Presuposto estimado	Financiación EDIL (60%)	Aportación municipal 40%	Data prevista execución
Centro Integral de Servizos Sociais de Vilagarcía	899.937,50€	539.962,20€	359.974,80€	2027
Vilagarcía Activa: Impulso do Turismo Deportivo: Área de Deportes	3.184.114,33€	1.910.468,60€	1.273.645,73€	2026
Veiga do Mar: Transformación Integral do Espazo Público: Área de Urbanismo, Movilidade e Educación	900.000,00€	540.000,00€	360.000,00€	2029
Carril: Rehabilitación e Humanización do Espazo Urbano	800.000,00€	480.000,00€	320.000,00€	2027-2028
Movilidade Sostible: Impulso á conectividade eficiente e ecolóxica. Área de Urbanismo, mobilidade e Educación	688.801,00€	413.280,60€	275.520,40€	2027-2028
TOTAL	6.472.852,83	3.883.711,40€	2.589.140,93€	

2.- Solicitar unha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) por importe de 3.883.711,40€ euros, no marco da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, FEDER 2021-2027.

3.- Declarar que o Concello de Vilagarcía de Arousa, comprométese a habilitar o crédito adecuado e suficiente para financiar a execución dos proxectos en caso de resultar seleccionado o mesmo, de acordo con as normas reguladoras da convocatoria.

4.-Facultar ao Sr. Alcalde para formular a petición de subvención e para realizar a totalidade dos actos e trámites necesarios ata a resolución de concesión da mesma.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250227&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 01/REC/2025/PLENO, POR IMPORTE DE 526.904,77.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 24 de febreiro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía, do seguinte teor:

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Existen gastos procedentes de exercicios pechados que se encontran nas seguintes situacións:

1. F/2024/115 cun importe de 403.368,46€: inclúe xustificantes de gasto con rexistro contable no exercicio 2024 que corresponden a contratos menores de subministro e servizos derivados do normal desenvolvemento dos servizos municipais realizados en 2024, que foron recibidos no exercicio, e que carecían de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación aos créditos do exercicio 2024.
2. F/2024/175 cun importe de 13.147,61€: comprende xustificantes con rexistro contable no exercicio 2024 de contratos menores de telefonía correspondentes a consumos do mes de novembro que non tiñan cabida na tramitación prevista na Base 21 das de execución do orzamento, por non existir crédito suficiente na aplicación correspondente.
3. F/2024/182 cun importe de 5.760,36€: comprende xustificantes con rexistro contable no exercicio 2024 de contratos menores de telefonía correspondentes a consumos do mes de decembro que non tiñan cabida na tramitación prevista na Base 21 das de Execución do orzamento, por non existir crédito suficiente na aplicación correspondente.
4. F/2024/191 cun importe de 62.293,83€: inclúe xustificantes de gasto con rexistro contable no exercicio 2024 que corresponden a contratos menores de subministro e servizos derivados do normal desenvolvemento dos servizos municipais realizados en 2024, que foron recibidos no exercicio, e que carecían de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación aos créditos do exercicio 2024.
5. F/2024/195 cun importe de 2.341,89€: inclúe xustificantes de gasto correspondentes a contratos menores de subministracións e servizos realizados nos exercicios 2020, 2021, 2022 e 2023, que tiveron entrada no último trimestre do exercicio 2024 e que carecían de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación aos créditos do exercicio 2024. (F/2024/195 e F/2024/201)
6. F/2024/201 cun importe de 2.092,19€: inclúe xustificantes de gasto correspondentes a contratos menores de subministracións e servizos realizados nos exercicios 2023 e 2024, que tiveron entrada no último trimestre do exercicio 2024 e que carecían de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación aos créditos do exercicio 2024.
7. Certificación de obra, con rexistro de entrada 2024/9353, nº 5 e final da obra “Adecuación de la Plaza de Abastos para acciones de hábitos saludables y economía circular (Mercado de la Verdura) (Fase 1)”, por importe de 16.946,61€, presentada na Intervención municipal o 27/12/2024.
8. F/2024/139 cun importe de 5.333,82€: inclúe xustificantes de subvencións correspondentes a liquidacións de gastos da Mancomunidade do Salnés dos anos 2021, 2022 e 2023, que tiveron entrada no ano 2024 e que carecían de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación aos créditos do exercicio 2024.
9. Xustificante de subvención con nº de rexistro 2024/8402 da Empresa Pereira S.L. polas recargas do Vaibus do mes de outubro de 2024 por importe de 5.640,00€, presentada no portal de rexistro electrónico de facturas o 12/11/2024.
10. Xustificante de subvención con nº de rexistro 2024/8440 Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega pola cota ordinaria correspondente ao Ano 2024, cun importe de 5.000,00€, presentada na Intervención municipal o 06/11/2024.
11. Xustificante de subvención con nº de rexistro 2024/8837 da Empresa Pereira S.L. polas recargas do Vaibus do mes de novembro de 2024 por importe de 4.980,00€, presentada no portal de rexistro electrónico de facturas o 04/12/2024.

Visto que no orzamento vixente existe crédito suficiente ben nas aplicacións orzamentarias ben a nivel de bolsa de vinculación, nos termos indicados nas relacións de facturas anexas á providencia de alcaldía por importe de 526.904,77 €.

Vistos os informes favorables á viabilidade orzamentaria emitidos polos órganos xestores responsables dos programas de gasto implicados no presente expediente.

Tendo en conta que esta alcaldía considera preceptivo proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata de servizos e subministracións efectivamente realizados en aras a evitar un prexuízo para os provedores, contratistas e demais acredores o tempo que se contribúe a acadar os obxectivos fiscais de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira marcados na LOEOSF 2/2012.

Logo de ver o Informe de Intervención, JFC/187/2025 (CSV 2P4PSLIJQL53KPAK) no que se manifesta a necesidade dun acordo plenario para aprobar o recoñecemento extraxudicial de

créditos N° 01/REC/2025/PLENO por importe de 526.904,77 € con cargo ás aplicacións orzamentarias especificadas nas relacións anexas á providencia de alcaldía, esta Alcaldía-Presidencia, somete á aprobación da Corporación Municipal, o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 01/REC/2025/PLENO, das facturas e xustificantes comprendidos nas relacións de facturas N° F/2024/115, F/2024/139, F/2024/175, F/2024/182, F/2024/191, F/2024/195 e F/2024/201 e dos xustificantes 2024/8402, 2024/8440, 2024/8837 e 2024/9353 anexas á providencia de alcaldía, por un importe global de 526.904,77 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2025 (2024 prorrogado) a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos n° 01/REC/2025/Pleno, por importe global de 526.904,77 €.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9) e BNG (2), e dez abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (9) e EU (1),

ACÓRDASE: Por maioría:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 01/REC/2025/PLENO, das facturas e xustificantes comprendidos nas relacións de facturas N° F/2024/115, F/2024/139, F/2024/175, F/2024/182, F/2024/191, F/2024/195 e F/2024/201 e dos xustificantes 2024/8402, 2024/8440, 2024/8837 e 2024/9353 anexas á providencia de alcaldía, por un importe global de 526.904,77 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2025 (2024 prorrogado) a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250227&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE COMPATIBILIDADE PARA O DESEMPEÑO DE POSTO DE TRABALLO NUNHA ONG POR PARTE DUNHA FUNCIONARIA DO CONCELLO.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 24 de febreiro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito presentado por Dona Tamara Castro Nodar solicitando autorización de compatibilidade para o desempeño do seu posto de traballo coa realización dunha actividade privada nunha ONG.

Dáse conta do informe do Negociado de Recursos Humanos no que se indica:

Asunto: autorización de compatibilidade a empregada Dña. Tamara Castro Nodar.

ANTECEDENTES:

Con data 5 de febreiro de 2025 Dña Tamara Castro Nodar, que presta servizos como persoal funcionario de carreira a tempo completo ven de presentar escrito solicitando se lle autorice a compatibilidade para o desempeño de seu posto de traballo no Concello de Vilagarcía coa realización dunha actividade privada mediante relación laboral por conta allea e en horario de

tarde.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 53/1984 de 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira: A Lei 53/1984 de 26 de decembro no seu artigo 2 establece a aplicación ao persoal ao servizo das Corporacións Locais, e se entenderá incluído todo o persoal calquera que sexa a natureza xurídica da relación de emprego (funcionario, laboral ou persoal eventual).

Segunda: Segundo a información que consta na solicitude non se aprecia que a compatibilidade que se solicita poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia aos efectos do previsto no artigo 1.3 da Lei 53/1984. Polo que procedería analizar a procedencia da autorización que se insta.

Terceira: Conforme ao artigo 14 da Lei 53/1984 o exercicio de actividades profesionais laborais, mercantiles ou industriais fora da Administración Pública require do previo recoñecemento/autorización de compatibilidade. A resolución motivada recoñecendo ou autorizando a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade dictarase no prazo de dous meses, e corresponde a súa resolución ao Pleno da Corporación Local.

Cuarto: Segundo o artigo 16, e por excepción á regra xeral de incompatibilidade poderá recoñecerse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complementos específicos ou concepto equivalente sempre que a cuantía non supere ao 30% das súas retribucións básicas excluídos os conceptos que teñan o seu orixe na antigüidade.

O posto de Psicóloga A1 que desempeña a solicitante ten asignadas as seguintes retribucións na vixente RPT segundo a valoración de función e tarefas de Catálogo aprobado polo Pleno municipal en sesión celebrada o 27/10/2022, BOP Pontevedra número 221 de data 18 de novembro de 2022, e que comprende a valoración do complemento específico dos seguintes factores:

- - Para a determinación do Complemento Específico:
- responsabilidade
- especial dificultade técnica
- dedicación
- incompatibilidade
- perigosidade

+ penosidade	IMPORTES
Salario Base mensual Subgrupo A1	1.326,90€
Límite mensual 30% Retribucións Básicas:	398,07€
CODIGO CE RPT	MES
Complemento Específico:	903,84€
9	

En consecuencia a aplicación do artigo 16 da Lei 53/1984 implicaría a redución mensual de 505,77€ do importe do Complemento Específico.

CONCLUSIÓNS:

En consecuencia de Autorizarse a compatibilidade solicitada o Complemento Específico do solicitante non podería superar a cuantía do 30% das retribucións básicas 398,07€, entendendo que a solicitante asume coa súa solicitude a redución na súa retribución na cantidade entre o límite exposto e a cuantía do complemento específico que actualmente percibe e que inclúe o factor de incompatibilidade, implicaría a redución mensual de 505,77€ do importe do Complemento Específico.

Ditos importes están calculados a data do presente informe debendo adaptarse no caso de incrementos ou variacións retributivas.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a autorización da compatibilidade solicitada por Dona Tamara Castro Nodar para o desempeño do seu posto de traballo coa realización dunha actividade privada nunha ONG.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Autorizar a compatibilidade solicitada o Complemento Específico do solicitante non podería superar a cuantía do 30% das retribucións básicas 398,07€, entendendo que a solicitante asume coa súa solicitude á redución na súa retribución ná cantidade entre o límite exposto e a cuantía do complemento específico que actualmente percibe e que inclúe o factor de incompatibilidade, implicaría a redución mensual de 505,77€ do importe do Complemento Específico.

Ditos importes están calculados a data do presente informe debendo adaptarse no caso de incrementos ou variacións retributivas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250227&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO MANIFESTO DO CONSELLO LOCAL DA MULLER CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 24 de febreiro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta do manifesto do Consello Local da Muller, do seguinte teor:

DEREITOS, IGUALDADE E APODERAMENTO PARA TODAS AS MULLERES E NENAS EN TODA A NOSA DIVERSIDADE

O Consello local da Muller conmemora este 8 de Marzo, Día Internacional da Muller, reafirmando o compromiso do municipalismo cos dereitos das mulleres, cara a acadar a igualdade de xénero en todos os espazos da vida política e social local dende o pulo de medidas concretas que reforcen os dereitos das mulleres e as nenas, para que sexamos protagonistas do noso propio presente.

Este ano facémolo baixo a lema “Dereitos, Igualdade e Apoderamento. Para todas as mulleres e nenas”, promovido desde a ONU - Mulleres, facendo un chamado á acción para acadar a igualdade de dereitos e oportunidades para todas as mulleres, e en especial as mulleres novas e as nenas, agora que se compreen 30 anos de Declaración e Plataforma de Acción de Beijing, adoptada por cento oitenta e nove gobernos durante a Cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller, celebrada na capital chinesa.

En 1995 sentáronse as bases para o avance dos dereitos das mulleres e nenas en todo o mundo, desde a intervención das políticas, os programas e o investimento que teñen efecto na educación, a saúde, a paz, os medios, a participación política, o poder económico e a eliminación da violencia que aínda padecemos. Trinta anos despois segue sendo necesario reforzar a nivel global e local a aplicación de medidas en tres áreas clave:

Fomento dos dereitos das mulleres e nenas fronte a toda forma de violencia, discriminación e explotación.

Promoción da igualdade de xénero elevando as voces das mulleres e nenas para acabar coas

desigualdades.

Impulsar o apoderamento garantindo o acceso inclusivo de mulleres e nenas á educación, o emprego, o liderado e os espazos de toma de decisións.

Todas as administracións son conscientes da necesidade de avanzar na representación paritaria de mulleres e homes nas entidades locais. As mulleres seguimos a padecer máis dificultades que os homes para desenvolver a nosa actividade política local.

Tense que seguir dando importantes avances nos liderados femininos para conseguir superar nos trescentos trece concellos galegos o 40% de alcaldesas (agora no 22%) como xa acontece coas concelleiras, que xa son o 40%. No caso das presidencias das catro deputacións, o reto é que, no seguinte mandato, polo menos dúas contén cunha presidenta e que as deputadas provinciais tamén superen o 40% (agora no 36%).

Dende o municipalismo galego recoñécense estes avances en reforzo de todo o labor que aínda queda por desenvolver ata conseguir que as entidades locais sexan espazos onde a igualdade sexa unha realidade.

O Consello local de Muller de Vilagarcía mantén o seu compromiso con:

A promoción da participación activa das mulleres na vida política e social local, mediante accións de sensibilización, capacitación e fomento do liderado feminino que permitan acadar a paridade nas corporacións e nas alcaldías.

A incorporación da perspectiva de xénero en todas as políticas e programas locais, garantindo que se tomen en conta as necesidades e realidades específicas de mulleres e nenas nas nosas accións.

A aplicación de medidas para garantir a igualdade salarial e de oportunidades no emprego, promovendo a participación equitativa de mulleres en todos os niveis e sectores laborais.

A atención específica ás nenas e ás mulleres novas; ás mulleres do medio rural, e ás mulleres con discapacidade, para acadar as reivindicacións sinaladas neste manifesto.

O pulo de campañas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero, dando apoio integral ás mulleres e as nenas vítimas e traballando na erradicación da violencia machista.

A colaboración e coordinación das administracións locais, pola súa proximidade á cidadanía, coas administracións autonómica e estatal para prestar os servizos de calidade que permitan conseguir cidades e vilas libres de violencias machistas, onde a autonomía e independencia das mulleres sexa unha realidade presente.

Por último, dende o Consello Local da Muller solicitamos á Corporación Municipal que apoie este Manifesto traballando para facer realidade as propostas que nel se fan a nivel do local e que se sume a participar na súa lectura no acto do vindeiro 8 de marzo ás 12,00h.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, PP e EU informan favorablemente.

A persoa representante do grupo político municipal do BNG di que se manifestará no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezanove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9), PP (9) e EU (1) e dúas abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do BNG (2)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar o Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250227&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS, REALIZADAS DURANTE O ANO 2024.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 24 de febreiro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria Anual de actividades da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, correspondentes ao ano 2024, aprobada polo Consello Reitor, en sesión celebrada o día 14 de febreiro de 2025.

O resumo da memoria foi desagregada nos seguintes apartados:

1.- ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

1.1.- Escola Deportiva de Psicomotricidade. Tempada 2023-24.

1.2.- Escola Multideportiva.

1.2.1.Tempada 2023-24.

1.2.2.Tempada 2024-25.

1.3.- Escola Deportiva de Base.

1.3.1.Tempada 2023-24.

1.3.2.Tempada 2024-25.

1.4.- Escolas Municipais de Navegación. Ano 2024.

2.- ACTIVIDADES FISICO DEPORTIVAS PARA ADULTOS.

2.1.- Tempada 2023-2024

2.1.1.- 1º curso tempada 2023-24

2.1.2.- 2º curso tempada 2023-24

2.2.- Tempada 2024-25

2.2.1.- 1º curso

3.- VACACIONES DEPORTIVAS VILAGARCÍA 2024.

3.1. Vacacións Multideportivas

3.2. Activo MAIORmente

3.3. Acondicionamento Físico.

3.4. Eventos deportivos

3.4.1.- XXI Torneo de Tenis de Verán.

3.4.2. – XX Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía

4.- XV XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO.

5.- OUTROS EVENTOS DEPORTIVOS.

5.1.- Eventos organizados pola Fundación de Deportes.

5.2.-Eventos organizados por Entidades deportivas con colaboración da Fundación de Deportes.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Memoria de Actividades Deportivas realizadas durante o ano 2024.

- Sendo as 18:52 horas auséntase do Pleno O Interventor Municipal.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con vinte votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9), PP (9) e BNG (2) e unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a Memoria anual de actividades deportivas realizadas pola

Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais durante o ano 2024.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250227&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL, PARA O SEU VISADO POSTERIOR POLO SERVIZO DE INSPECCIÓN DE FAMILIA E MENORES.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 24 de febreiro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta do informe da Coordinación do Centro de Servizos Sociais, do seguinte teor:

ANTECEDENTES

- Dende o Centro de Servizos Sociais elaborouse un novo Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal, tomando como referencia o Regulamento de Réxime Interior das Escolas Infantís da rede de “A Galiña Azul”, incorporando o mesmo texto normativo nalgúns artigos, así como a normativa autonómica en relación ao funcionamento e réxime de prezos e os modelos publicados dende a Consellería de Política Social.

De tal xeito, o Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, en sesión ordinaria celebrada o 25 de novembro de 2021 acordou aprobar con carácter inicial o Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 248 do 27 de decembro de 2021.

En sesión ordinaria celebrada o día 25 de agosto de 2022, O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa acordou aprobar con carácter definitivo o Regulamento da Escola Infantil Municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 175 do 13 de setembro de 2022.

- En data 13 de setembro de 2022 foi remitido ao Servizo de Inspección de Familia e Menores o Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal aprobado para a tramitación do seu visado polo citado servizo.

- A data 2 de novembro de 2023 rexístrase requirimento dende a Secretaría Xeral Técnica do Servizo de Inspección de Familia e Menores para corrixir e adaptar determinados aspectos do regulamento para a súa posterior conformidade para o visado.

- A 29 de febreiro de 2024, O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, en sesión ordinaria acordou aprobar con carácter inicial a Modificación do Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa, de acordo co requirimento de 2 de novembro de 2023 remitido dende a Secretaría Xeral Técnica do Servizo de Inspección de Familia e Menores co obxecto de corrixir e adaptar determinados aspectos do regulamento para a súa posterior conformidade para o visado, publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 51 do 12 de marzo de 2024.

- A data de 4 de marzo de 2024 foi remitida a Secretaría Xeral Técnica do Servizo de Inspección de Familia e Menores a modificación do regulamento para a súa revisión, e así, transcorridos o prazo de reclamacións se puidese dar trámite da aprobación definitiva coa conformidade da Inspección. A data 09/04/2024 dende a Secretaría Xeral Técnica dáse traslado dun novo requirimento respecto á citada modificación do regulamento.

- A data 30 de maio de 2024 o Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa en sesión ordinaria acordou aprobar definitivamente o Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa incorporando as modificación trasladadas pola Secretaría Xeral Técnica do Servizo de Inspección de Familia e Menores do 09 de abril de 2024 e publícase no Boletín Oficial da Provincia nº 116 do 14 de xuño de 2024.

-A data 9 de xullo de 2024 rexístrase na sede da Xunta de Galicia o RRI da Escola Infantil Municipal remitido polo Concello de Vilagarcía de Arousa como entidade titular ao Servizo de Inspección de Familia e Menores para a tramitación do seu visado polo citado servizo.

- A data 7 de novembro de 2024 remítese correo electrónico por parte da entidade concesionaria dando conta dun correo electrónico remitido polo Servizo de Inspección no mes de setembro

respecto a novas aportacións e modificacións a realizar no regulamento, non sinaladas en anteriores revisión. Non se ten constancia de ter remitido ao Concello de Vilagarcía de Arousa, como entidade titular, dito requirimento por parte do servizo de inspección.

En todo caso, no citado correo electrónico remítense aportacións respecto do artigo 9.3 (nos criterios preferentes de admisión), artigo 10 (incorporando un novo apartado sobre criterios de subvencionalidade da Xunta de Galicia) e artigo 23 (períodos subvencionables pola Xunta de Galicia). Igualmente indica : “Unha vez elaborado novo documento e aprobado polo Pleno Municipal se procede, será asinado polo Representante legal do Concello e será remitido para o seu visado definitivo.”

FEITOS

As modificacións a realizar segundo o indicado polo Secretaría Xeral Técnica:

- Artigo 9.3 Criterios de admisión

No seu punto 2. Criterios preferentes, substituír a súa redacción polo texto seguinte:

“O concello poderá establecer a prioridade na súa matrícula logo de aplicar o baremo tendo en conta o seguinte:

1º As solicitudes para nenos e nenas xa escolarizados na mesma escola no curso anterior.

2º As solicitudes de fillos/fillas do persoal que preste servizo na escola infantil.

3º As solicitudes para nenos/as con irmás ou irmáns con praza renovada na mesma escola.

4º As solicitudes para nenos/as en que as dúas persoas proxenitoras ou un deles, no caso de familias monoparentais, xustifiquen estar ocupadas laboralmente.

5º As solicitudes de xornada completa sobre media xornada.

Os empates serán resoltos de acordo a orde de presentación.”

- Artigo 10. Procedemento de ingreso

Incorporar un Punto 7. Criterios de subvencionalidade co seguinte texto:

- A Xunta de Galicia fomenta a gratuidade da atención educativa durante 11 meses ao ano. No suposto excepcional e xustificado, de facer uso da escola por un período superior ao subvencionado deberá ser aboado polas familias. O período subvencionable é o correspondente á atención educativa prestada aos nenos e ás nenas da Comunidade Autónoma de Galicia entre o 1 de setembro e o 31 de xullo do ano en curso.
- A escola infantil Municipal para a/o cal se solicitan as axudas está aplicando un réxime de prezos equivalente ao previsto no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 anos dependentes desta consellería.
- En cada expediente das persoas usuarias figurará o horario de asistencia solicitado polos pais/nais, titores/as e representantes legais.
- Entenderase por atención educativa o conxunto de atencións e coidados profesionais de carácter integral, prestados baixo unha perspectiva educativa, aos nenos e ás nenas durante a súa estancia nunha escola infantil, segundo a modalidade de xornada pola que opten. A opción elixida implica a asistencia regular e continuada á escola infantil durante un máximo de 8 e un mínimo de 3 horas diarias, respectivamente.
- Segundo a orde de gratuidade da Xunta de Galicia, queda excluído das actuacións subvencionables o custo do servizo de comedor, cociña, as actividades extra á atención educativa, os materiais e calquera outro tipo de servizos e conceptos que supoñan un custo adicional cuantificable para a escola infantil.
- As actividades extra a atención educativa son as que se desenvolven fóra do horario de atención educativa, subvencionado ao 100% pola Xunta de Galicia, é dicir actividades extraescolares.
- As actividades complementarias formarán parte do Proxecto Educativo do centro (terceira lingua, saídas didácticas, obradoiros, etc..) e desenvolveranse gratuítas e transversais ao currículo educativo dentro da xornada de atención educativa.
- A escola poderá cobrarlles ás familias unha cota polo concepto de reserva de praza (se procede). Unha vez realizada a inscrición e constatada a asistencia á escola infantil, o pagamento efectuado será compensado pola entidade beneficiaria, ao longo do curso escolar, con outros servizos e conceptos distintos da atención educativa que preste no centro.
- A falta de asistencia á escola infantil 0-3 durante un período de 5 días sen xustificar dará

lugar á baixa do alumno/a no programa da gratuidade.

- A escola ofertará o servizo de atención educativa durante un mínimo de 8 horas.
- As familias poderán escoller libremente, o período de desfrute das vacacións dos seus fillos e fillas, aínda que o período preferente serán os meses de verán (xullo e agosto).
- O mes de agosto non é subvencionado polo que a asistencia neste mes dun neno ou nena debe ser aboada polas familias.

- No art. 23. Matrícula

Onde dí:

- Todas as persoas usuarias aboarán a contía de once mensualidades por curso, agás no caso que se autorice a asistencia do/a neno/a ao centro durante os 12 meses do ano, neste caso deberá aboar o prezo que corresponda polos doce meses de asistencia a el.
- A non asistencia á escola infantil 0-3 durante un período de 15 días sen xustificar dará lugar á baixa do alumno/a no programa de gratuidade.

Debe dicir:

- “A Xunta de Galicia fomenta a gratuidade da atención educativa durante 11 meses ao ano. No suposto excepcional e xustificado, de facer uso da escola por un período superior ao subvencionado deberá ser aboado polas familias. O período subvencionable é o correspondente á atención educativa prestada aos nenos e ás nenas da Comunidade Autónoma de Galicia entre o 1 de setembro e o 31 de xullo do ano en curso.
- O mes de agosto non é subvencionado polo que a asistencia neste mes dun neno ou nena debe ser aboada polas familias
- A non asistencia á escola infantil 0-3 durante un período de 5 días sen xustificar dará lugar á baixa do alumno/a no programa de gratuidade.”

Por outra banda, segundo consta no expediente SS/2024/000272 a data 13 de decembro de 2024 achégase por parte da entidade prestadora documento notarial de data 20 de setembro de 2024 de nomeamento de novo administrador único de BONECOS VILAGARCIA, S.L.

Polo que no Artigo 3- Titularidade:

- onde dí: “Representante legal: Paula Fernández Saavedra”
- debera dicir: “ Representante legal: Cristina Gómez de María”

CONCLUSIÓN

Visto o exposto, o Regulamento da Escola Infantil Municipal de Vilagarcía de Arousa quedaría redactado para o seu visado.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación do Regulamento da Escola Infantil Municipal para o seu visado posterior polo Servizo de Inspección de Familia e Menores.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a Modificación do Regulamento da Escola Infantil Municipal.

SEGUNDO: Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente obxecto da proposta no Taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.vilagarcia.gal>), durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no

BOP e un dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial deste, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción do novo acordo do Pleno Municipal que así o declare, de conformidade co disposto nos artigos 49 e 70 da L.R.B.R.L.

TERCEIRO: Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro do Regulamento, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na sede electrónica municipal (<https://sede.vilagarcia.gal>), e entrarán en vigor tras a nova publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación expresa.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250227&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250227&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA Á NEGOCIACIÓN PARA O USO PÚBLICO DAS PRAZAS DE APARCAMENTO DO INSTITUTO SOCIAL DA MARIÑA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 24 de febreiro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 12 de febreiro de 2024, do seguinte teor:

MOCIÓN RELATIVA Á NEGOCIACIÓN PARA O USO PÚBLICO DAS PRAZAS DE APARCAMENTO DO INSTITUTO SOCIAL DA MARIÑA

Francisco Xabier Rodríguez Paz, na súa condición de voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vilagarcía de Arousa, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os procesos de humanización levados a cabo nos últimos anos, deben ir da man según xa

manifestamos no proceso de aprobación do PMUS, de alternativas para o estacionamento de vehículos que anteriormente ocupaban as rúas da cidade onde se realizaron intervencións. No centro da nosa cidade é máis complicado se cabe atopar ditas solucións.

Tras o proceso de renovación da Casa do Mar, observamos como as prazas de aparcamento existentes na parcela, tanto en horario de tarde de luns á venres como ao longo de toda a fin de semana permanece baleiro e pechado, sen que se faga uso algún do mesmo, agás para o persoal de seguridade. Estamos falando dunha zona de estacionamento que conta con arredor de 45 prazas de aparcamento.

Dende o BNG entendemos que dita parcela, no horario anteriormente citado, ben podería destinarse a aliviar a necesidade de prazas de aparcamento da zona, máis aínda tendo en conta que, en canto se comecen as obras do Ramal, o aparcadoiro disuasorio que existía nesa zona vai desaparecer, sendo precisa unha nova bolsa de prazas alternativa.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG de Vilagarcía de Arousa somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1. Que dende o Concello de Vilagarcía de Arousa se leven a cabo as negociacións pertinentes co Instituto Social da Mariña para que tanto en horario de tarde de Luns á Venres así coma Sábados e Domingos ao longo de todo o día, poda levarse a cabo un uso público das prazas de aparcamento situadas en Avenida da Mariña e na Rúa Elpidio Villaverde, pertencentes á parcela na que está situado o edificio da Casa do Mar.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG relativa á negociación para o uso público das prazas de aparcamento do Instituto Social da Mariña.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con vinte votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), PP (9) e BNG (2), e unha abstención do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e: Que dende o Concello de Vilagarcía de Arousa se leven a cabo as negociacións pertinentes co Instituto Social da Mariña para que tanto en horario de tarde de Luns á Venres así coma Sábados e Domingos ao longo de todo o día, poda levarse a cabo un uso público das prazas de aparcamento situadas en Avenida da Mariña e na Rúa Elpidio Villaverde, pertencentes á parcela na que está situado o edificio da Casa do Mar.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250227&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA Á AMPLIACIÓN DAS BEIRARRÚAS DA PO-301 E Á SEGURIDADE VIAL DA MESMA: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 24 de febreiro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 12 de febreiro de 2024, do seguinte teor:

Moción relativa á ampliación das beirarrúas da PO-301 e á seguridade vial da mesma
Don Francisco Xabier Rodríguez Paz, Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno da corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Ao longo do noso concello existen lugares nos que resulta intransitábel e perigoso a circulación por eles, ao non contar coas mínimas medidas de seguridade.

Así, tanto podemos atoparnos coa ausencia de beirarrúas ou trazados con continuidade que garantan a súa seguridade, e cando estas existen non cumpren cos requisitos mínimos de ancho para camiñar por elas, ou mesmo presentan obstáculos que obrigan aos peóns a baixar á estrada para poder sortealos.

Este é o caso da situación que se da nas marxes da PO-301 ao seu paso pola Avenida Agustín Romero e a Avenida de Cornazo. Estamos falando de beirarrúas que en moitos puntos non chegan nin ao metro de ancho, obrigando así que se dean situacións nas que, cando se atopan dúas persoas circulando en sentidos contrarios polas mesmas, unha delas se vexa obrigada a baixar. Por non falar xa da imposibilidade que isto supón para persoas en cadeira de rodas, con carriños de bebés, carros da compra, andadores, etc.

É preciso que quen ten competencias sobre dita estrada, que é a Xunta de Galiza, asuma a responsabilidade da seguridade vial de residentes e viandantes na zona e para iso compre que se leve a cabo tanto a ampliación das beirarrúas coma outras medidas que as doten de maior seguridade: recolocación de farolas, maior iluminación, reposición de baldosas rotas, creación de rampas de acceso ou nivelación do firme entre outras.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galiza para que proceda á ampliación e a creación de ser o caso, das beirarrúas situadas nas marxes da PO-301 ao seu paso pola Av. Agustín Romero e a Av. De Cornazo.
2. Instar á Xunta de Galiza a que naqueles tramos nos que non sexa posíbel o trazado de beirarrúas, se proceda a sinalizar o paso destinado aos peóns coas máximas medidas de seguridade.
3. Instar á Xunta de Galiza a que tome as medidas oportunas para dotar de máxima seguridade vial á zona, tales coma a creación de rampas de acceso, recolocación de farolas, reparación do firme ou nivelación do trazado das beirarrúas entre outras.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG relativa á ampliación das beirarrúas da PO-301 e á seguridade vial da mesma.

Dáse conta da emenda de adición presentada polo grupo político municipal do PP, seguinte:

- Elaborar un proxecto de mellora da mobilidade interurbana, sinalización e mellora da seguridade viaria nas marxes da PO-301 ao seu paso pola Av. Agustín Romero e Av. de Cornazo e remitirllelo á Xunta de Galicia para o seu estudo e busca de financiamento.

- O grupo político municipal do BNG non acepta a emenda presentada polo grupo político municipal do PP.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o

seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

1. Instar á Xunta de Galiza para que proceda á ampliación e a creación de ser o caso, das beirarrúas situadas nas marxes da PO-301 ao seu paso pola Av. Agustín Romero e a Av. De Cornazo.
2. Instar á Xunta de Galiza a que naqueles tramos nos que non sexa posíbel o trazado de beirarrúas, se proceda a sinalizar o paso destinado aos peóns coas máximas medidas de seguridade.
3. Instar á Xunta de Galiza a que tome as medidas oportunas para dotar de máxima seguridade vial á zona, tales coma a creación de rampas de acceso, recolocación de farolas, reparación do firme ou nivelación do trazado das beirarrúas entre outras.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250227&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, PARA INSTAR AO GOBERNO LOCAL Á REHABILITACIÓN DA PISTA MULTIDEPORTE DE A TOMADA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 24 de febreiro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 19 de febreiro de 2025, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 27 de febreiro de 2025 a seguinte MOCIÓN:

“Instar ao goberno local á rehabilitación da Pista Multideporte de A Tomada”

EXPOÑEN

No ano 2017, o goberno municipal decidiu, unilateralmente, construír unha pista multideportiva enriba do vello campo de fútbol de terra na Tomada de Carril. Unha vez feita a obra de construción da nova pista, os peores presaxios volvéronse a cumprir. Ao pouco tempo o seu estado de conservación era moi deficitario; herbas e maleza sen coidar, redes, táboas, canastras rotas o chan levantado.

Tan so un ano despois de construírse, no 2018, a pista xa comezou a ter problemas como a rotura das canastras, a caída da malla protectora ou outras carencias no mobiliario. Por iso, dende o Grupo Municipal do Partido Popular presentamos una moción no ano 2019 instando ao goberno local a que reparase a pista pero, a pesar de aprobarse por unanimidade, o mantemento que se fixo na Tomada foi mínimo.

Dende entón, tanto a veciñanza de Carril como o Grupo Municipal do Partido Popular denunciou, ano tras ano, e en varias ocasións, o mal estado no que se atopa a pista sen que o goberno local prestase ningún tipo de atención á zona deportiva.

Tras o tempo transcorrido, a día de hoxe, o seu estado é máis deficitario que nunca, cos vellos problemas incrementados coa corrosión dos ferros e a caída das táboas que se empregan para cerrar perimetralmente a zona de xogo. Tal e como está é un gran risco para os máis pequenos xogar nela, por ese motivo, atópase practicamente baleira e en total desuso.

Ademais dos riscos que provoca para a rapazada, o seu estado empobrece o entorno e dana a imaxe de Carril e de Vilagarcía, sendo imprescindible a súa rehabilitación.

Outra das deficiencias que atopamos nesta pista, é que carece dun camiño habilitado e adaptado para poder acceder á instalación. Os usuarios teñen que atravesar os restos do antigo campo de terra para poder chegar ata a pista.

Precisamente, a parte restante do antigo campo de terra tamén está abandonada e sen uso,

cando podería empregarse para aumentar as posibilidades de ocio dos veciños da zona Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular SOLICITA os seguintes acordos:

- Que o Concello de Vilagarcía de Arousa faga un plan de rehabilitación integral da pista multideporte de A Tomada así como para o seu entorno, e o execute a maior celeridade.
- Que se habilite un camiño accesible e adaptado para poder acceder á pista.
- Que se estude e se valore coa veciñanza a posibilidade de converter os restos do antigo campo de terra noutra zona deportiva ou de ocio.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP, para instar ao Goberno Local á rehabilitación da Pista Multideporte de A Tomada.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

- Que se faga un plan de rehabilitación integral da pista multideporte de A Tomada así como para o seu entorno, e o execute a maior celeridade.
- Que se habilite un camiño accesible e adaptado para poder acceder á pista.
- Que se estude e se valore coa veciñanza a posibilidade de converter os restos do antigo campo de terra noutra zona deportiva ou de ocio.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250227&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, PARA INSTAR AO GOBERNO LOCAL Á AMPLIACIÓN DO CAMIÑO DO PAVILLÓN E RÚA ADOLFO PEDRIDO MORLA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 24 de febreiro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 19 de febreiro de 2025, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 27 de febreiro de 2025 a seguinte MOCIÓN:

“Instar ao goberno local á ampliación do Camiño do Pavillón e Rúa Adolfo Pedrido Morla”

EXPOÑEN

Hai anos o Concello de Vilagarcía mercou os terreos anexos á actual piscina municipal plantexando unha ampliación da mesma. Tamén levou a cabo un ensanchamento do inicio do camiño do Pavillón, sen embargo, esqueceuse de ensanchar e construír beirarrúas no Camiño do Pavillón e a Rúa Adolfo Pedrido Morla ata a rotonda da Autovía do Salnés.

Debido á actividade escolar e deportiva que hai na contorna de Fontecarmoa, o tránsito de vehículos e, especialmente, de autobuses, é moi grande durante todos os días da semana. Sen embargo, ditas rúas, o Camiño do Pavillón e Adolfo Pedrido Morla, non teñen o tamaño suficiente

para que circule con normalidade todo o tráfico que acollen.

Ademais, na actualidade hai proxectos en marcha para ampliar e mellorar instalacións como a piscina municipal ou CIFP de Fontecarmoa, co que se prevé que se incremente a afluencia de vehículos.

Dende o Partido Popular consideramos que é importante que se amplíen e se mellore dito acceso, negociando cos veciños da zona, e que se realicen as actuacións necesarias para a ampliación do Camiño do Pavillón e a Rúa Adolfo Pedrido Morla, a instalación de iluminación e a construción de beirarrúas, sempre en consenso e acordo cos propietarios dos predios colindantes.

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular SOLICITA os seguintes acordos:

- Que o Concello de Vilagarcía, negociando en todo momento cos veciños, amplíe o ancho do Camiño do Pavillón e a Rúa Adolfo Pedrido Morla, a construción de beirarrúas e a instalación de iluminación para mellorar a seguridade nese tramo.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP, para instar ao Goberno Local á ampliación do camiño do Pavillón e Rúa Adolfo Pedrido Morla.

- Dáse conta da emenda presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, seguinte:

- 1.- Instar á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia á cesión dos terreos necesarios para a ampliación da Rúa Adolfo Pedrido Morla, sempre co consenso da Comunidade Educativa do CEIP O Piñeirio.

Por parte do grupo político municipal do PP aceptase a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

- 1., - Que o Concello de Vilagarcía, negociando en todo momento cos veciños, amplíe o ancho do Camiño do Pavillón e a Rúa Adolfo Pedrido Morla, a construción de beirarrúas e a instalación de iluminación para mellorar a seguridade nese tramo.

- 2.- Instar á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia á cesión dos terreos necesarios para a ampliación da Rúa Adolfo Pedrido Morla, sempre co consenso da Comunidade Educativa do CEIP O Piñeirio.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250227&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250227&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250227&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- RESPOSTA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250227&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

18.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS ORALMENTE NA SESIÓN, POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250227&punto=18>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

19.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte das persoas que asisten como público á sesión non se formulan rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250227&punto=19>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:20, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.